

Plan de Acción Titorial

1.- Marco Legal

2.- Principios Metodolóxicos

3.- Obxectivos xerais

4.- Contados/Áreas

5.- Propostas organizativas

6.- Actividades suxeridas polos ciclos

7.- Recursos dispoñibles/necesarios/utilizables

1. Marco legal.

1.1.- Referencias legais

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006)
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de Novembro do 2007 pola que se regula a avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- O.M. do 27 de Abril de 1992 sobre a implantación da Educación Primaria
- R.D. 819/1993, de 28 de Maio, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 25 de xullo de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2.- Extracto de contidos

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006)

Art. 18. Organización

6. No conxunto da etapa, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

Art. 26 Principios pedagóxicos.

4. Correspóndelles ás administracións educativas promover as medidas necesarias para que a titoría persoal dos alumnos e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental na ordenación desta etapa.

Art. 91. Funcións do profesorado.

1. c) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.

1. d) A orientación educativa, académica e profesional dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.

Art. 121. Proxecto educativo

2. Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción titorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Art. 129 Competencias (Claustro de profesores)

c) Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.

- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Prólogo.

Porén, será de grande importancia a acción titorial que vertebre todas as actuacións con cada un dos grupos e con cada alumno e cada alumna dese grupo.

Art. 14 Tutoría.

1. Na educación primaria, cada grupo de alumnos e alumnas terá un titor ou titora. A súa actuación deberá coordinarse especialmente coa dos outros profesores e profesoras que incidan sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas, sen prexuízo da necesaria coordinación co equipo de profesoras e profesores de ciclo e etapa.

2. Na educación primaria, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, sen prexuízo das competencias e a necesaria coordinación, se é o caso, co Departamento de Orientación.

3. A persoa titora manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as e escoitaraas naquelas decisións que afecten a orientación académica e profesional dos seus fillos/as, sen prexuízo, se é o caso, das competencias do Departamento de Orientación.

Anexo I. As Competencias Básicas.

Igualmente, a acción titorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais.

- O.M. do 27 de Abril de 1992 sobre a implantación da Educación Primaria

Capítulo IV. Artigo 18º, apartado 1

Neste artigo, determinase que os Mestres/as- Titores/as, exercerán as seguintes funcións:

- a) Orienta-lo aprendizaxe dos alumnos/as
- b) Informar ós pais/nais da asistencia e seguimento das actividades docentes dos seus fillos, o seu rendemento académico e as súas dificultades.
- c) Cumpri-lo plan de acción titorial aprobado polo claustro.
- d) Facilita-la integración dos alumnos no seu grupo e no conxunto da vida escolar e fomentar neles o desenvolvemento de actitudes participativas.
- e) Atender e, no posible, anticiparse a las dificultades máis xerais da aprendizaxe dos alumnos, así como as súas necesidades educativas específicas, para proceder a las correspondente adecuación persoal del currículo.
- f) Coordinar xunto co profesorado de apoio e, no seu caso o orientador, as adaptacións curriculares e a intervención educativa cos alumnos/as que presenten necesidades especiais.
- g) Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as e, tendo en conta os informes doutros profesores/as, adopta-la decisión acerca da súa promoción dun ciclo a outro.
- h) Coordinar cos demais mestres/as do grupo a coherencia da programación e da práctica docente co proxecto curricular e a programación anual do centro.
 - R.D. 819/1993, de 28 de Maio, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Titulo III. Capítulo IV. Artigo 73, punto 1

"La tutoría y orientación de los alumnos, formará parte de la función docente"

Titulo III. Capítulo IV. Artigo 73, punto 2

"Cada grupo terá un mestre titor/a que será designado polo Director/a a proposta do Xefe/a de Estudos"

Titulo III. Capítulo IV. Artigo 74, punto 1

“os mestres *titores*, exercerán as seguintes *funcións*:

- a.- Levar a cabo o plan de acción titorial
- b.- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta-la decisión que proceda acerca da promoción dos alumnos/as dun ciclo a outro, previa audiencia dos seus pais/nais ou tutores legais
- c.- Atender as dificultades de aprendizaxe dos alumnos/as, para proceder a adecuación persoal do currículo
- d.- Facilita-la integración dos alumnos/as no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro
- e.- Orientar e asesorar ós alumnos/as sobre as súas posibilidades educativas
- f.- Colaborar co equipo de orientación educativa e psicopedagóxica nos termos que estableza a xefatura de estudos
- g.- Encauzar os problemas e inquiredanzas dos alumnos/as
- h.- Informar ós pais/nais, mestres/as e alumnos/as do grupo de todo aquilo que lles ataña en relación coas actividades docentes e o rendemento académico
- i.- Facilita-la cooperación educativa entre os mestres/as e os pais/nais dos alumnos/as
- j.- Atender e coidar ós alumnos/as nos períodos de recreo e noutras actividades non lectivas

Titulo IV. Capitulo II, Artigo 78

“Os Proxectos Curriculares de etapa incluirán as directrices xerais e decisións seguintes:

- f) a organización da orientación educativa e o plan de acción titorial”.

2.- Marco teórico – conceptual. Principios Psicopedagógicos.

A acción titorial na educación infantil e primaria realízase mediante tres vías de atención, principalmente:

1. **A acción diaria dos docentes na aula mediante os elementos curriculares:** tódalas áreas contemplan procedementos, estratexias, normas e valores, as metodoloxías empregadas, os tipos de agrupamento de alumnos, etc. Estes elementos contribúen ao desenvolvemento da maior parte dos obxectivos de acción titorial. Pero tamén mediante o que se denomina currículo oculto: os valores e modelos que os profesores transmitimos mediante as nosas actuacións e coas nosas actitudes.

2. **A educación en valores con caracter transversal concretadas no proxecto curricular de cada área.**

3. **As actividades específicas recollidas no Plan de Acción Titorial.**

O Plan de Acción Titorial (PAT) é un documento que forma parte do Proxecto Educativo e onde especificámoslos criterios e procedementos para a organización da titoría.

Debe fixar un conxunto de actividades inxeridas no currículo, baseadas tanto nas necesidades do alumnado e dirixidas a eles, que están secuenciadas no tempo e estruturadas segundo os distintos colectivos do grupo que titoriza: alumnado, familias, equipo educativo.

Segundo a normativa e o marco legal que nos dirixe, debemos considerar a acción titorial intrinsecamente vinculada á docente. **Forma parte do currículo e está integrada no mesmo. Tanto na educación infantil como primaria o papel do profesor e do titor forman unha unidade indivisible.**

Asimesmo, tódolos profesores do centro teñen a responsabilidade de levar a cabo tarefas de acción titorial, pero a coordinación destas debe estar centrada nunha soa persoa (o titor do grupo de alumnos), que será o que teña a responsabilidade na coordinación do equipo de profesores e no contacto coas familias.

Pero a acción diaria do profesor - titor/a pode verse completada pola aplicación de actividades ou programas de actividades en tempos específicos, e deseñadas segundo as necesidades do centro e de cada ciclo.

O PAT ten como finalidade, polo tanto, contribuír e axudar á consecución dos obxectivos educativos establecidos no Proxecto Educativo, desenvolvendo actividades específicas en tempos concretos.

Aínda que a maioría das actividades poden integrarse na programación de cada área, outras precisan un tempo específico planificado de antemán. Estes tempos pódese establecer libremente o titor tratando de planificar un tempo semanal para a aplicación das actividades do PAT, buscando o menor prexuízo das outras materias.

A acción titorial considérase intrinsecamente vinculada ó docente como conxunto de accións articuladas en torno a esta e pretenden contribuír á consecución dos grandes fins da educación e por isto ós obxectivos de etapa

Sen embargo, o plantexamento da orientación non se fai en función de cada un de estes nin outros obxectivos, se non buscando a maneira de integrar e complementar.

Destacar no noso proxecto a función titorial é poñer en primeiro plano as características da educación e dar mais peso ó carácter personalizado, individualizado, integral e diverso do ensino, fronte á parcelación en materias e a desaparición do individuo no grupo, segundo os seguintes principios:

* **Persoalización:** educase á persoa como tal, para o desenvolvemento da personalidade de cada un.

***Individualización:** educase a persoas concretas, con características concretas, con características individuais, que se deben respectar, aproveitar e enriquecer, non a abstraccións ou a colectivos.

* **Integración:** educase á persoa completa, integrando os diferentes ámbitos de desenvolvemento e as liñas educativas; en contraposición á parcelación educativa ou de coñecementos.

* **Diversificación:** educase axustando o ensino á necesidade educativas dos alumnos mediante as oportunas adaptación, curriculares, metodolóxicas e de acceso, adecuando a escola ó alumno, ás súas características, coas súas aptitudes, intereses e motivación diferenciais.

3.- Obxectivos Xerais.

1º.- Contribuír á persoalización da educación atendendo a tódolos aspectos do ser humano e favorecendo a integración das distintas aprendizaxes e coordinando a acción dos distintos axentes educativos.

2º.- Axustar **o ensino ás características individuais**, referida a persoas coas súas aptitudes e intereses diferenciados, aproveitálas e enriquecelas, previndo as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os de fracaso e inadaptación escolar.

3º.- Resaltar os aspectos orientadores da educación **atendendo ó contexto** no que viven os alumnos/as, ó futuro que poden contribuír a proxectar, favorecendo aprendizaxes máis funcionais, mellor conectados co entorno de modo que a escola aporte unha educación para a vida.

4º.- Contribuír ó desenvolvemento da **socialización**, ensinando a convivir de modo pacífico e satisfactorio, educando en destrezas e habilidades sociais para a convivencia, previndo e anticipándose a condutas problemáticas que puideran xurdir.

5º.- Contribuír á adecuada **interacción** entre os integrantes **da comunidade educativa**: mestres/as, alumnos/as, e pais/nais, así como entre a comunidade educativa e o entorno asumindo papel de mediación e, se fai falla, de negociación ante os conflitos que poidan plantexarse.

6º.- Favorecer os procesos de desenvolvemento das capacidades de pensamento. de **aprender a pensar e de aprender a aprender**, co ensino de estratexias e procedementos de aprendizaxe. Contribuír á mellora do desempeño intelectual e consecuentemente á mellora do rendemento escolar e á competencia en situacións sociais.

7º.- Favorecer ós procesos de **madurez persoal**, de desenvolvemento da propia **identidade** e sistema de **valores**, e da progresiva **toma de decisións** a medida que os alumnos irán adoptando opcións na súa vida.

4º.- Áreas / Contidos:

Os obxectivos e as funcións que conlevan fan que a orientación sexa unha responsabilidade compartida da comunidade educativa no seu conxunto, "Para educar un neno fai falla toda a tribu".

Os contidos que se derivan, forman parte das funcións de calquera mestre, compete a todo o equipo docente e se desenvolven nas seguintes áreas de traballo:

ORIENTAR:	Orientar/ Autocoñecemento /Auto orientación
DIVERSIFICAR:	Aprendizaxes específicos / Reforzos / Apoios
ADAPTAR:	Adaptar / Necesidades educativas específicas / Diversificar
SER PERSOA:	Ensinar / Aprender a ser persoa.
CONVIVIR:	Ensinar / Aprender a convivir.
PENSAR:	Ensinar / Aprender a aprender e a pensar.
EDUCACIÓN EN VALORES:	Ensinar / Aprender a través da educación en valores.

5.- Propostas organizativas

Consideramos pois a acción tutorial como plenamente incardinada no currículo, intimamente ligada á acción docente aínda que en ocasións transcende e en definitiva tendente a acadar os mesmos obxectivos de etapa pero prestando especial atención ós aspectos individualizadores e integradores.

Non ten obxectivos diferentes ós xerais, non é un engadido pero sé que se poden especificar contados específicos que contribúen a integrar tódolos aspectos curriculares e paracurriculares.

En consecuencia aparecen as seguintes Modalidades Organizativas:

- Acción docente.
- Proxecto educativo
- Actividades específicas
- Actividades con familias
- Programas

PROGRAMAS:

- Programa de Acollida
 - Información a pais/nais e alumnos/as
 - Visita das escolas
 - Avaliación inicial
- Programa de transición primaria

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA. CARBALLO.

- Información a pais/nais e alumnos/as
- Informe final de etapa
- Programa de transición do CRA ao CEIP
 - Información a pais e alumnos
 - Visita do CEIP
 - Informe final de ciclo
- Programa de Prevención do Fracaso Escolar
 - Avaliación Capacidades (Badyg)
 - Técnicas de Estudio
 - Autocoñecemento
- Programa de mellora da convivencia
 - Av. Conflitividade (Rexistro mestre, Sociograma)
 - Plan de Convivencia
 - Actividades de recoñecemento e actuación ante abuso físico ou psicolóxico
 - Día da Paz
- Programa de Educación Vial.
 - Programa de establecemento de hábitos e condutas axeitadas como peón, e pasaxeiro.

- Programa de Educación para á Saúde
 - Programa de hábitos alimenticios e deportivos saudables.
 - Merendas saudables

➤ **6.- Actividades suxeridas polos ciclos.**

PROGRAMACION DE ACTIVIDADES DE TUTORIA PARA SEGUNDO CICLO DE EDUCACION INFANTIL.

Temp.	Obxectivos	Actividades			Recursos
		Co grupo clase	Coa Familia	Co equipo docente	
1º Trim	1. Coñece-los antecedentes académicos, capacidades (aptitudes, memoria, imaxinación,...) e as dificultades de aprendizaxe se é o caso, orientando e coordinando as actividades correctoras.	<ul style="list-style-type: none"> * Revisa-lo expediente académico e demais documentación docente *Demandar diagnóstico do orientador/a *Aplicar programas de reforzo educativo 	<ul style="list-style-type: none"> *Entrevista coa familia *Enquisa para recadar unha información inicial do contorno sociofamiliar que poida influír no neno/a. 	<ul style="list-style-type: none"> * Consultar a titores/as e mestres/as de cursos anteriores *O orientador informará aos titores das entrevistas cos pais e dos resultados da avaliación psicopedagóxica. 	<ul style="list-style-type: none"> * Expediente académico. * Entrevista para as familias
1º Trim.	2. Facilitar a acollida e integración dos alumnos/as no seu grupo – clase e no centro.	<ul style="list-style-type: none"> *Visita do centro educativo no mes de maio-xuño dos alumnos de primeira incorporación. *Xogo de presentación dos alumnos/as. *Coñecemento mutuo. *Exercicios para favorece-la relación e integración grupal. *Coñecemento do centro *Presentación dos mestres/as *A nosa aula (explicar recantos) 	<ul style="list-style-type: none"> *Reunión de inicio de curso co grupo de pais/nais: Explicación do funcionamento do centro, das características evolutivas da etapa, orientacións para o apoio escolar na casa. * Entrevistas individuais * Reunións periódicas para intercambio de información, explicación da programación, comentar avaliacións, organizar tempo de ocio. 	<ul style="list-style-type: none"> * Coordinacións co resto de mestres/as sobre ás actividades de acollida a realizar e temporalización das mesmas. (Elaborar un horario de presentación do resto de mestres/as) 	<ul style="list-style-type: none"> * Folleto informativo de inicio de curso
Ordinaria e	3. Iniciar aos alumnos no proceso de construción da súa	<ul style="list-style-type: none"> *Lavar as mans, soarse, ... *Tomar merenda, ... 	<ul style="list-style-type: none"> * Establecemento de criterios comúns sobre hixiene e alimentación.(Froitas, 	<ul style="list-style-type: none"> * Acordar de criterios comúns sobre hixiene e alimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> * Folla de normas e hábitos para

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA. CARBALLO.

Sistemática	identidade persoal, en hábitos esenciais de hixiene e alimentación, así como no desenvolvemento da súa autonomía persoal.		bocadillos, produtos lácteos, ..., panos húmedos, panos de papel, ...)		pais.
1º Trim.	4. Organización e funcionamento do grupo clase	*Informar sobre organización e funcionamento da aula: Normas de clase, recantos, establecemento de táboa de reforzos positivos ...	*Informar sobre organización e funcionamento da aula: Normas de clase, recantos, táboa de reforzos...	* Acordar a organización, funcionamento da aula: Normas de clase, recantos, táboa de reforzos... * Coordinarse sobre a organización ao profesorado especialista.	* Reunión de pais
Ordinaria	5. Adquisición e mellora dos hábitos de traballo	* Hábitos básicos: sentarse correctamente, relaxarse, orden e autonomía, respetar o turno de palabra... * Técnicas motivacionais: Planificación das tarefas, participación dos alumnos/as.	* Coordinación e información á familia sobre os hábitos básicos a traballar *Entrevistas individuais cos pais/nais para informar sobre a evolución do neno/a ao longo do curso dando orientación para o apoio escola na casa.	* Coordinación da reunión de avaliación inicial aportando toda a información recadada dos nenos ao comezo do curso. Informar sobre as actividades do plan de acción tutorial. *Coordinación das sesións de avaliación. *Elaboración do informe individualizado do alumno/a e actualización dos rexistros individuais dos alumnos.	*Informes de avaliación e notas
2º Trim	6. Fomentar actitudes positivas respecto aos demais e ao seu medio físico	*Actividades de coñecemento e respecto dos outros (respetar o turno de palabra, camiñar amodo na aula, saudar e despedirse correctamente, colaborar cos compañeiros/as, ... * Programa de reforzos	Informar aos pais/nais da evolución das actitudes do alumno en relación ao respecto aos demais e tratar de establecer pautas comúns fogar-escola que potencien este fin.	*Establecemento de criterios comúns tendo de reforzo positivo como negativo *Coordinación das sesións de avaliación. *Elaboración do informe individualizado do alumno/a e actualización dos rexistros	*Táboa de reforzos positivos *Informes de avaliación e notas

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA. CARBALLO.

		positivos baseados nunha táboa de condutas positivas *Participación en actividades de respecto ao entorno e aos demais (como p. ex.: Día do Medio Ambiente, Día da Paz, Ed. Vial, ...)		individuais dos alumnos.	
Ordin.	7. Axudar ó nenos /as a desenvolver habilidades básicas de razoamento: percepción visual, auditiva, atención, seriación, razoamento lóxico.	Xogos de atención, memorización, razoamento, como adiviñas, busca de iguais, ...	Informar aos pais/nais da evolución do alumno/a dando pautas de traballo para o fogar a aqueles alumnos que o necesiten.	Coordinarse co resto do profesorado para o establecemento de actividades e xogos de atención, memorización, razoamento, como adiviñas, busca de iguais, ...	Material específico (DO)
Ordin.	8. Axudar ós alumnos a desenvolver a motivación polas tarefas escolares.	* Establecemento dun ambiente de confianza entre mestre/a e alumno/a. *Coñecemento de aspectos motivadores para o alumno. *Uso da biblioteca de aula para levar contos para o fogar. *Uso das TICs como ferramenta de aprendizaxe	*Lectura de contos pola familia	* Coordinar grupos de discusión e/ou traballo. * Colaborar coas actividades de biblioteca *Colaborar co desenvolvemento do Plan Lector *Colaborar co desenvolvemento do Plan TIC	
Ordin.	9. Axudar aos alumnos a desenvolver a capacidade de comunicación oral: estimulación de praxis, ritmo, respiración, discriminación auditiva, vocabulario, comprensión e	Programa de estimulación da linguaxe oral (AL/Apoio): Contos para falar, habilidades metafonolóxicas, ...	* Orientacións para a familia	Coordinación Titor e DO no deseño consensuado de tríptico de consellos e orientacións para as familias.	* Tríptico

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA. CARBALLO.

	expresión.				
3º Trim	10. Ensinar a actuar fronte a actitudes sociais que o neno/a de educación infantil pode atopar no seu entorno	<ul style="list-style-type: none"> * Actividades de exploración do medio físico e social así como de participación activa nel. * Actividades relacionadas coa Educación Vial * Programa de Educación para á Saúde (Merendas saudables) * Programa "saber dicir non" * Programa de "usos axeitados de internet" 	* Implicar ás familias nas actividades de exploración do medio físico e social	* Coordinación co profesorado no relativo ás actividades de exploración do medio físico e social	Elaboración de materiais propios. Contos e materiais específicos.
Ordin.	11. Introducir ó neno/a en habilidades de relación, mediante o emprego de fórmulas básicas de cortesía e pautas básicas de relación interpersoal.	<ul style="list-style-type: none"> * Actividades de respectar a quenda de fala. * Saúdos e despedidas * Saber escoitar * Realización de peticións de forma cortés * Participación no Día da Paz * Saber comportarse nas actividades complementarias 	Establecemento de pautas común escola-fogar	Coordinación entre profesorado para o establecemento de habilidades de relación	
3º Trim	12. Preparar a transición primaria.	* Visita dunha aula de primaria ou visita do novo centro educativo se é o caso	<ul style="list-style-type: none"> * Nota informativa aos pais sobre a transición a primaria e visita ao novo centro educativo se é o caso * Charla informativa 	* Coordinación cos mestres de primaria para a organización da visita.	

PROGRAMACION DE ACTIVIDADES DE TUTORIA PARA PRIMEIRO CICLO DE EDUCACION PRIMARIA.

Temp.	Obxectivos	Actividades			
		Co grupo Clase	Coa Familia	Co Equipo Docente	Recursos
1º Trim	1. Coñece-los antecedentes académicos, capacidades (aptitudes, memoria, imaxinación,...) e as dificultades de aprendizaxe se é o caso, orientando e coordinando as actividades correctoras.	* Revisa-lo expediente académico e demais documentación docente *Demandar diagnóstico do orientador/a *Aplicar programas de reforzo educativo	*Entrevista coa familia *Enquisa para recadar unha información inicial do contorno sociofamiliar que poida influír no neno/a.	* Consultar a titores/as e mestres/as de cursos anteriores	* Expediente académico. * Entrevista para as familias (anexo)
1º Trim.	2. Facilitar a acollida e integración dos alumnos/as no seu grupo – clase e no centro.	*Visita do centro educativo no mes de maio-xuño dos alumnos de primeira incorporación. *Xogo de presentación dos alumnos/as. *Coñecemento mutuo. *Exercicios para favorece-la relación e integración grupal. *Coñecemento do centro (Visita guiada, entrada, saída, aseos, patio, ximnasio, ...) *Presentación dos mestres/as (previa coordinación)	*Envío de carta de presentación do titor acompañada de enquisa para recadar unha información inicial do contorno sociofamiliar que poida influír no neno. *Reunión de inicio de curso co grupo de pais/nais: Explicación do funcionamento do centro, das características evolutivas da etapa, orientacións para o apoio escolar na casa. * Entrevistas individuais * Reunións periódicas para intercambio de información, explicación da programación, comentar avaliacións, organizar tempo de ocio.	* Coordinacións co resto de mestres/as sobre ás actividades de acollida a realizar e temporalización das mesmas. (Elaborar un horario de presentación do resto de mestres/as)	
Ordin.	3. Iniciar aos alumnos no proceso	* Elección de delegado/a ou responsable de clase.	* Potenciar a autonomía persoal no fogar con tarefas e	* Coordinación co resto do profesorado sobre as	

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA. CARBALLO.

	de desenvolvemento da súa identidade persoal, autonomía persoal, autoconceito, e autoestima...	* Autopresentación, gustos, tarefas que realiza ben, mal ou regular, ...	reponsabilidades propias da súa idade	tarefas para o desenvolvemento da autonomía ..., e responsabilidades do delegado/ ou encargado	
1º Trim.	4. Organización e funcionamento do grupo clase	*Recollida de información sobre os alumnos/as: Datos persoais, dificultades de aprendizaxe, necesidades educativas especiais. *Informar sobre organización e funcionamento da aula Normas de clase, colexio, biblioteca, patio, excursións...	*Informar sobre organización e funcionamento da aula: Normas de clase, colexio, biblioteca, patio, excursións...	* Organización e funcionamento da aula: Normas de clase, colexio, biblioteca, patio... * Coordinarse sobre a organización co profesorado especialista. * Prever os apoios necesarios	* Reunión de pais
2º Trim	5. Adquisición e mellora dos hábitos de traballo	* Hábitos básicos: sentarse correctamente , relaxarse, orden e autonomía. * Técnicas motivacionais: Planificación das tarefas, participación dos alumnos/as.	* Coordinación e información á familia sobre os hábitos básicos a traballar *Entrevistas individuais cos pais para informar sobre a evolución do neno ao longo do curso dando orientación para o apoio escola na casa.	* Coordinación da reunión de avaliación inicial aportando toda a información recadada dos nenos ao comezo do curso. Informar sobre as actividades do plan de acción tutorial. Coordinación do resto de sesións de avaliación. Elaboración do informe individualizado do alumno/actualización dos rexistros individuais dos alumnos.	
2º Trim	6. Fomentar actitudes positivas respecto aos demais, e ao entorno, así como a colaboración e	* Respetar o turno de palabra. * Actividades de grupo nas que se promova a espírito colaborativo.	Establecemento de pautas común escola-fogar que favorezan o respecto aos demais e ao medio	Coordinación entre profesorado para o establecemento de habilidades de relación que favorezan o respecto	

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA. CARBALLO.

	utilización de habilidades sociais básicas	* Xogos de role Play sobre conflitos e como solventalos *Participación en actividades de respeto ao entorno e aos demais (como p. ex.: Día do Medio Ambiente, Día da Paz, Ed. Vial, ...)		aos demais e ao medio	
Ord.	7. Reforzar as habilidades cognitivas básicas	*Xogos que potencien a memoria, atención, razoamento, como: busca de diferencias, iguais, memorización, seriación, adiviñas, ...	Informar aos pais/nais da evolución do alumno/a dando pautas de traballo para o fogar a aqueles alumnos que o necesiten.	Coordinarse co resto do profesorado para o establecemento de actividades e xogos de atención, memorización, razoamento...	Material específico (DO)
1º Trim.	8. Axudar ós alumnos a desenvolver a motivación polas tarefas escolares.	* Establecemento do horario escolar * Establecemento dun ambiente de confianza entre mestre/a e alumno/a. *Coñecemento de aspectos motivadores para o alumno. *Uso da biblioteca de aula para levar contos para o fogar. *Uso das TICs como ferramenta de aprendizaxe	*Lectura de contos no fogar * Reunións periódicas coas familias	* Coordinar grupos de discusión e/ou traballo. * Colaborar coas actividades de biblioteca *Colaborar co desenvolvemento do Plan Lector *Colaborar co desenvolvemento do Plan TIC	Contos, actividades TIC, activ. de investigación en pequeno grupo...
3º Trim	9. Axudar aos alumnos a desenvolver a capacidade de comunicación oral: estimulación de praxis, ritmo, respiración, discriminación auditiva, vocabulario,	* Actividades de lectura, biblioteca, expresión oral, ... * Actividades recollidas no Plan Lector	* Tríptico de consellos e orientacións para a familia	Coordinación Titor e DO. e coordinador do Plan Lector Deseño consensuado de tríptico de consellos e orientacións para as familias.	

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA. CARBALLO.

	comprensión e expresión.				
3º Trim	10. Ensinar a actuar fronte a actitudes sociais que o neno/a pode atopar no seu entorno	<ul style="list-style-type: none"> * Actividades de exploración do medio físico e social así como de participación activa nel. * Actividades "saber dicir non" * Actividades de "usos axeitados de internet" * Programa de actividades relacionadas coa Educación Vial * Actividades "Educación para a saúde" (Merendas saudables) 	Informar ás familias sobre ás actitudes do alumno e establecemento de pautas comúns escola-familia	Coordinación entre profesorado para os establecemento de pautas comúns fronte a actitudes sociais que se pode atopar o neno no seu entorno	
Ordin.	11. Introducir ó neno/a en habilidades de relación, mediante o emprego de fórmulas básicas de cortesía e pautas básicas de relación interpersoal.	<ul style="list-style-type: none"> * Actividades de respectar turno de fala. * Saber escoitar * Realización de peticións * Participación no Día da Paz * Saber comportarse nas actividades complementarias 	Informar ás familias sobre ás actitudes do alumno e establecemento de pautas comúns escola-familia	Coordinación entre profesorado para os establecemento habilidades de relación, mediante o emprego de fórmulas básicas de cortesía	
3º Trim	12. Preparar a transición ao segundo ciclo de primaria.	<ul style="list-style-type: none"> * Actividade informativa sobre o segundo ciclo de primaria, cambios que se van a producir, e importancia do mesmo * Programa "Transición a CEIP" (Visita, ...) 	* Nota informativa aos pais sobre a transición a primaria	Coordinación entre profesorado para a avaliación final de ciclo e informes precisos.	Tríptico Informes de avaliación

ANEXOS

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CRA PONTE DA PEDRA.
CARBALLO.